

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

**Por favor, cubra os seus datos antes de
comezar a responder:**

*Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a
responder:*

Nome e apelidos

Nome e apelidos

DNI:

Sinatura:

Firma:

Exame de obtención do Certificado de Aptitude Profesional (CAP)


Viaxeiros

13/09/2023

16:00 H

-GALEGO-

MODELO B



**Dele la vuelta al cuaderno
para disponer del examen en
CASTELLANO**

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

1. No momento de frear ao autobús se sobrecarga o eixo dianteiro. Que sucede no eixo traseiro?

- a) Mantense igual.
- b) Se sobrecarga tamén.
- c) Alíxéirase.
- d) Os pneumáticos sofren un deslizamiento.

2. De que depende a deriva do pneumático dun autobús?

- a) Da anchura do vehículo.
- b) Da velocidade de transferencia do cambio.
- c) Da carga electrostática.
- d) Da anchura da lamia.

3. Cales son as funcións propias dun administrativo nunha empresa de transporte de viaxeiros en autobús?

- a) Decidir a renovación e ampliación da frota de vehículos e a forma do seu financiamento.
- b) Realizar operacións ordinarias de contabilidade.
- c) Distribuír as ordes de roteiro.
- d) Ningunha das anteriores.

4. Para que tipo de servizos en autobús establece a normativa española obrigacións específicas referidas á accesibilidade de viaxeiros con discapacidade?

- a) Para os servizos regulares de uso xeral.
- b) Para os servizos regulares de uso especial.
- c) Para os servizos discrecionales.
- d) Para todos os anteriores.

5. Nunha empresa de transporte de viaxeiros, archivar a documentación da empresa é función propia do:

- a) xerente.
- b) condutor.
- c) comercial.
- d) administrativo.

6. No ámbito do transporte internacional de viaxeiros por estrada, a que se denomina transportes liberalizados?

- a) A aqueles que non están suxeitos a tarifas obrigatorias.
- b) A aqueles nos que se pode pactar libremente entre as partes as condicións para a súa realización.
- c) A aqueles que poden ser desenvolto sen necesidade dunha autorización específica.
- d) A aqueles que non están suxeitos a controis fronteirizos, salvo para revisar a documentación dos pasaxeiros.

7. No movemento dun autobús:

- a) non son aplicables os pares das rodas e pares de inercia.
- b) intervén a forza de molaridade.
- c) non é aplicable a forza da atracción terrestre.
- d) intervén a resistencia aerodinámica ou resistencia do aire.

8. En que tipo de sociedade o capital atópase dividido en accións?

- a) En todas as sociedades o capital está dividido en accións.
- b) Nas sociedades de responsabilidade limitada.
- c) Nas sociedades anónimas.
- d) Nas sociedades colectivas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

9. Como se denomina ao movemento xiratorio da carrocería do autobús sobre o eixo transversal á marcha?

- a) Cabeceo.
- b) Forza atemporal.
- c) Desprazamento de masas.
- d) Guiñada.

10. Onde debe colocarse a parte inferior do cinto de seguridade?

- a) Sobre a zona pélvica.
- b) Sobre as coxas.
- c) Sobre o abdome.
- d) É indiferente.

11. Como se clasifican os transportes de viaxeiros segundo o ámbito en que se realicen?

- a) Públicos ou privados.
- b) Interiores e internacionais.
- c) Permanentes e ocasionais.
- d) Xerais e especiais.

12. É obrigación das empresas de transporte en autocar proporcionar información aos viaxeiros sobre a existencia de caixa de primeiros auxilios?

- a) Si.
- b) Só no caso de liñas regulares.
- c) Só no caso de percorridos internacionais.
- d) Non.

13. A resistencia do aire ou resistencia aerodinámica afectará sempre o autobús en sentido:

- a) tanxencial á velocidade.
- b) oposto ao movemento.
- c) favorable ao movemento.
- d) oposto ou favorable ao movemento segundo a dirección do vento.

14. Que indicacións débense recoller no contrato de xestión dun servizo público de transporte regular de uso xeral?

- a) Prazo de duración do contrato.
- b) Tarifas a percibir polo servizo.
- c) Condicións técnicas que han de reunir os vehículos.
- d) Todas as respostas son correctas.

15. Nunha empresa de transporte de viaxeiros, cales son as funcións dun director xeral ou xerente?

- a) Planificación, dirección e coordinación.
- b) Negociación e representación da empresa.
- c) Adoptar as decisións estratéxicas.
- d) Todas as respostas son correctas.

16. Dentro de que categoría de transporte de viaxeiros por estrada encadraría a un servizo de traslado de escolares desde o seu domicilio ao colexio?

- a) Un servizo regular de uso xeral
- b) Un servizo discrecional de uso especial
- c) Un servizo regular de uso especial
- d) Un servizo discrecional de uso xeral

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

17. A que se denomina distancia de freada?

- a) Á que percorre o vehículo desde que se percibe o perigo ata que se acciona o pedal do freo.
- b) Á que percorre o vehículo desde que se pisa o freo ata que se detén o vehículo.
- c) Á distancia que nos separa do vehículo.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

18. As sociedades de responsabilidade limitada teñen carácter:

- a) mercantil.
- b) laboral.
- c) fiscal.
- d) civil.

19. A calzada é a parte da estrada:

- a) dedicada ao uso exclusivo de automóviles.
- b) non dedicada ao uso de vehículos.
- c) dedicada á circulación de vehículos, que se compón dun certo número de carrís.
- d) dedicada ao uso de vehículos, que se compón dun certo número de beiravías.

20. As normas especiais sobre transporte de menores en autobús son aplicables aos transportes públicos regulares de uso xeral cando previamente reserváronse a metade, ou máis, das prazas para viaxeiros menores de:

- a) 12 anos.
- b) 14 anos.
- c) 16 anos.
- d) 18 anos.

21. A efectos da Lei sobre Tráfico, Circulación de vehículos a motor e Seguridade Viaria, unha estrada é:

- a) unha vía privada ou pública pavimentada.
- b) unha vía pública pavimentada.
- c) un ben privativo.
- d) non é un ben de ningún tipo.

22. Nun transporte de menores, o acceso dos nenos ao autobús farase:

- a) pola porta que quede máis próxima á posición de cada neno, para evitar movementos innecesarios.
- b) sempre pola porta dianteira.
- c) sempre pola porta central ou traseira.
- d) pola porta máis próxima ao condutor ou ao acompañante.

23. Para a realización de actividades de transporte público en autobús será necesaria previamente a obtención de:

- a) un permiso de conducir.
- b) unha tarxeta de empresa de tacógrafo.
- c) un certificado de aptitude profesional.
- d) unha autorización administrativa habilitante.

24. O número de prazas autorizado a un autobús:

- a) debe estar indicado en placas colocadas no interior en todos os casos.
- b) debe estar indicado en placas colocadas no interior e no exterior en todos os casos.
- c) debe estar indicado en placas colocadas no interior, pero só nos de servizo público.
- d) debe estar indicado en placas colocadas no interior e no exterior, pero só nos de servizo público.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

25. A resistencia que opón o aire ao movemento dun autobús pode denominarse como:

- a) resistencia aerodinámica.
- b) forza segmentarial cónica.
- c) forza de molaridade.
- d) forza de consumo.

26. Que medidas preventivas pode adoptar un condutor para evitar verse implicado en delitos de contrabando ou de tráfico de persoas?

- a) Efectuar revisións do vehículo e da carga durante a viaxe.
- b) Negarse a viaxar a países que non pertencen á Unión Europea.
- c) Negarse a viaxar a países que non pertencen ao Espazo Schengen.
- d) Non parar en ningún momento durante a viaxe.

27. Que significa que un pneumático estea identificado como Regroovable?

- a) Que leva os flancos reforzados.
- b) Que se pode regrabar.
- c) Que necesita un inflado especial.
- d) Que é un pneumático sen cámara.

28. Que resistencia intervén no movemento dos vehículos?

- a) O movemento dos pistones.
- b) O movemento do volante de inercia.
- c) O movemento dos eixos da caixa de velocidades.
- d) A resistencia á rodadura.

29. Un adecuado funcionamento do sistema de lubricación, pode influír no consumo de carburante?

- a) Non, só inflúe no engraxamento das pezas.
- b) Non, só pode influír no gripado ou non do motor.
- c) Si, xa que, ao diminuírse o rozamento das pezas, redúcense as perdas de potencia.
- d) Si, pero só nos motores de dous tempos.

30. Das seguintes accións, cal favorece a ausencia de accidentes?

- a) Circular a unha velocidade inadecuada.
- b) Conducir baixo os efectos do alcol.
- c) Conducir respectando a sinalización viaria.
- d) Conducir utilizando inadecuadamente os elementos de seguridade dos vehículos.

31. Das seguintes indicacións, cal é incorrecta para seleccionar unha relación de marchas máis alta?

- a) Mirar no manual o rango óptimo de operación, segundo as revolucións do motor.
- b) A experiencia na conducción.
- c) Pisar o pedal do freo.
- d) Observar a velocidade do vehículo.

32. En caso de néboa intensa, cales son as principais medidas que deben tomarse?

- a) Conectar a iluminación de cruzamento e a antinéboa.
- b) Reducir a velocidade e aumentar a distancia de seguridade.
- c) Accionar o limpiaparabrisas de cando en vez.
- d) Todas as respostas anteriores son verdadeiras.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

33. Que vantaxes ten reducir a velocidade media de circulación?

- a) Menor contaminación acústica e ambiental, menor consumo e menor desgaste mecánico.
- b) Non ter que comprobar o nivel do aceite motor xa que conducir desta maneira fai que o consumo de aceite sexa nulo.
- c) Non ter que comprobar o nivel do líquido refrixerante xa que conducir desta maneira fai que o consumo de refrixerante sexa nulo.
- d) Aumentar a frecuencia da inspección técnica periódica e reducir os prazos de mantemento do vehículo.

34. O correcto funcionamento do sistema de distribución, inflúe no consumo de carburante?

- a) Si, xa que se evitan perdas de potencia.
- b) Non, xa que o sistema de distribución só afecta o momento de apertura das válvulas.
- c) Non, xa que o sistema de distribución só afecta o momento de peche das válvulas.
- d) Non, xa que o sistema de distribución non ten relación algunha co consumo de carburante.

35. Sinala a afirmación correcta:

- a) A declaración amigable de accidentes consegue maiores indemnizacións.
- b) A declaración amigable de accidentes fai que diminúa o consumo dos vehículos.
- c) A declaración amigable de accidentes fai que diminúa o número de sinistros de vehículos.
- d) Todas as afirmacións anteriores son incorrectas.

36. O sistema BAS (brake assist system) é un elemento de seguridade:

- a) Non se considera elemento de seguridade ao non ser obrigatoria a súa instalación nos vehículos.
- b) activa e pasiva.
- c) activa.
- d) pasiva.

37. O tipo de caixa de velocidades que monte un automóbil, influe no consumo de carburante?

- a) Si, as caixas de velocidades con cambio automático fan que o automóbil consuma menos carburante.
- b) Si, as caixas de velocidades con cambio automático fan que o automóbil consuma máis carburante.
- c) Non, o tipo de caixa de velocidades só influir na comodidade da condución.
- d) Non, o tipo de caixa de velocidades só influir no par que chegue ás rodas motrices.

38. Que obrigas de prevención de riscos laborais ten o traballador?

- a) Evitar riscos evitables.
- b) Utilizar os equipos de protección.
- c) Formar e informar.
- d) Adoptar medidas de protección.

39. Nos motores de combustión, se as válvulas de escape dos cilindros non se pechan no momento adecuado:

- a) aumentará o consumo de carburante.
- b) diminuirá o consumo de carburante.
- c) diminuirá a presión no grupo cónico.
- d) o fume que sairá polo tubo de escape será de cor verde azulado.

40. A fatiga e o sono poden incidir no tempo de reacción durante a condución?

- a) Nunca.
- b) Si, auméntao.
- c) Si, diminúeo.
- d) A fatiga si, o sono non.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

41. Os equipos de protección individual do traballador deberán comercializarse sempre marcados e acompañados de:

- a) certificado ISO 2350.
- b) instrucións de uso.
- c) unha maleta para poder gardalos.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

42. Que característica non inflúe á hora de determinar no contarrevolucións dun automóbil a zona de menor consumo?

- a) O consumo específico.
- b) A potencia.
- c) O tipo de freos que monte: disco ou tambor.
- d) O par motor máximo.

43. Que problema produce o traballo sedentario?

- a) Aumenta a circulación sanguínea das pernas.
- b) Aumenta a carga de esforzo sobre os músculos dos ombreiros.
- c) Diminúe a carga de esforzo sobre os músculos do pescozo.
- d) Diminúe a carga de esforzo sobre os músculos das costas.

44. Como rexistra o tacógrafo analóxico a distancia percorrida polo vehículo nun disco-diagrama ou folla de rexistro?

- a) En números grandes para que se lea ben.
- b) Con números en letra vermella.
- c) Non a rexistra.
- d) Con movementos do estilete de subida e baixada na zona máis interior do disco.

45. En relación co auxilio aos feridos dun accidente de tráfico, sinala cal das seguintes afirmacións é incorrecta:

- a) Se o ferido se atopa fóra do vehículo, só se debe mover para protexer a súa integridade, por exemplo, no caso de que se atope exposto a risco grave de atropelo.
- b) Se algún ferido permanece dentro do vehículo e pode ser atendido alí mesmo, non se debe tentar sacalo ao exterior.
- c) A primeira actuación ante un ferido é sempre sacalo do lugar do accidente.
- d) Non debe moverse aos feridos, mesmo en caso de envorco, salvo perigo inminente de incendio ou outra circunstancia extrema.

46. Cando se fala de ralentizadores está a facerse referencia...

- a) a un tipo de freo de disco.
- b) a un mecanismo que regula o ralentí do motor.
- c) ao freo eléctrico, por exemplo.
- d) a un tipo de sistema antibloqueo de freos.

47. Que circunstancias non favorecen a aparición de molestias nas costas dos condutores?

- a) Deseño defectuoso do asento.
- b) O bo funcionamento do sistema de suspensión do vehículo.
- c) O mantemento continuado de posturas incorrectas.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

48. Cal é o factor decisivo na aparición da fatiga?

- a) Problemas familiares.
- b) Problemas económicos.
- c) Traballo excesivo ou descanso insuficiente.
- d) Dor de cabeza.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

49. Nos accidentes de traballo no sector do transporte, que problemas causan escordaduras graves normalmente?

- a) Quecemento do motor.
- b) Fugas de combustible.
- c) Funcionamento de vehículos en recintos pechados sen ventilación.
- d) Desniveis nos chans.

50. Dos seguintes dispositivos, cales están considerados como elementos de seguridade activa?

- a) Os airbags.
- b) As rodas.
- c) Os cintos de seguridade.
- d) Os repousacabezas.

51. Os autobuses que trasladan viaxeiros dentro dun aeroporto están:

- a) obrigados ao uso de tacógrafo.
- b) obrigados ao uso de tacógrafo, sempre que os viaxeiros leven equipaxe.
- c) exentos do uso de tacógrafo, sempre que non saian das instalacións do aeroporto.
- d) exentos, aínda que ocasionalmente saian con viaxeiros fose do recinto do aeroporto.

52. Unha boa forma de aforrar carburante ao conducir un vehículo pesado é:

- a) baixar as pendentas co motor parado.
- b) esperar co motor arrincado sen circular ata que alcance a temperatura adecuada de funcionamento.
- c) circular cunha presión de inflado dos pneumáticos inferior á recomendada polo fabricante.
- d) comprobar frecuentemente a presión de inflado dos pneumáticos.

53. Que pretende a formación continua dos condutores profesionais?

- a) Manter actualizados os coñecementos dos condutores en activo.
- b) Manter actualizados os coñecementos dos condutores de terceiros países.
- c) Manter actualizados unicamente os coñecementos de mecánica.
- d) Manter aos condutores informados das restricións de tráfico.

54. O par motor mídese en:

- a) cabalos de vapor (CV).
- b) cabalos fiscais (CF).
- c) newton - metro (Nm).
- d) quilómetros por hora (km/h).

55. O maior ou menor consumo de carburante dun vehículo pesado depende de varios factores, entre outros:

- a) do mantemento do vehículo, a posición do pedal do acelerador e a relación de marchas seleccionada na caixa de velocidades.
- b) do tipo de ralentizador que monte o vehículo.
- c) do sistema de mando da distribución: por correa dentada ou por cadea.
- d) do tipo de sistema de freado que se monte: hidráulico ou pneumático.

56. É o transporte unha actividade de risco?

- a) Non.
- b) Case nunca.
- c) Si.
- d) Depende do vehículo.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

57. Respecto do traballo dos seus condutores, a dirección da empresa pode:

- a) modificar o seu traballo.
- b) adxudicarlles tarefas.
- c) decidir a forma de prestación do traballo.
- d) Todas as respostas son correctas.

58. Sinala que actuación pode formar parte do procedemento de evacuación dun autobús.

- a) Sacar do autobús ás pasaxeiras antes.
- b) Se o tempo o permite, notificar á empresa o lugar, as condicións e o tipo de axuda que se necesita.
- c) Decidir o mellor tipo de evacuación: se a evacuación debe ser pola porta dianteira, traseira, lateral ou unha combinación das portas.
- d) As respostas B e C son correctas.

59. Segundo o Convenio de aplicación do Acordo de Schengen, os transportistas que trasladen a nacionais de terceiros países, están obrigados a devolvelos ao país de procedencia?

- a) Non cando se lles denegue a entrada nun terceiro país que só sexa de tránsito.
- b) Son libres de trasladalos ao país de destino.
- c) Non están obrigados en ningún caso.
- d) Si.

60. A seguridade pasiva, como se denomina?

- a) Seguridade dinámica.
- b) Seguridade secundaria.
- c) Seguridade primaria.
- d) Seguridade estática.

61. Que consideración xurídica pode chegar a ter a colaboración dun condutor na introdución en España, mediante o vehículo que ten ao seu cargo, de produtos cuxo tráfico está prohibido?

- a) Pode chegar a constituír delito de contrabando.
- b) Pode chegar a constituír un delito de tráfico clandestino.
- c) En ningún caso será un delito senón, como moito, unha infracción administrativa.
- d) Con independencia da cualificación xurídica que corresponda a esta acción, o condutor nunca pode ser imputado por ela se o vehículo non é da súa propiedade.

62. Dos seguintes elementos do vehículo, cal forma parte do retardador hidráulico?

- a) A válvula de bolboreta.
- b) As pastillas.
- c) O estátor fixo.
- d) As zapatas.

63. Permítese superar nalgún caso o tempo máximo de condución semanal?

- a) Non.
- b) Si, ata nunha hora, para chegar ao lugar de residencia a fin de gozar o período de descanso semanal, sempre que non se comprometa a seguridade.
- c) Si, ata nunha hora, para chegar ao lugar de residencia a fin de gozar o período de descanso diario, sempre que non se comprometa a seguridade.
- d) Si, ata en trinta minutos, para chegar ao lugar de residencia a fin de gozar o período de descanso semanal, sempre que non se comprometa a seguridade.

64. Necesitan certificado de aptitude profesional os condutores de vehículos dos Corpos de Seguridade do Estado?

- a) Si.
- b) Si, pero só para conducir autobuses fóra dun radio de 100 km.
- c) Non.
- d) Si, pero só para vehículos de mercadorías.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

65. A utilización do motor como freo require:

- a) manter algo pisado o acelerador.
- b) non inxectar carburante.
- c) que a válvula de carga hidráulica non funcione.
- d) manter a aceleración constante.

66. As estatísticas mostran que, con relación á situación de hai 30 anos, en España o número de mortos en accidente de tráfico:

- a) aumentou considerablemente.
- b) diminuíu considerablemente.
- c) mantívose estable.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

67. Nunha alimentación equilibrada, é recomendable moderar o consumo de:

- a) froitas.
- b) verduras.
- c) hortalizas.
- d) carnes graxas.

68. Que duración deben ter os cursos posteriores á formación inicial para manter a vixencia do certificado de aptitude profesional (CAP)?

- a) 35 horas.
- b) 30 horas.
- c) 25 horas.
- d) 20 horas.

69. A descarga de datos das tarxetas de tacógrafo dos condutores deberá facerse, polo menos:

- a) unha vez ao ano.
- b) cada 28 días con actividade rexistrada.
- c) cada 31 días con actividade rexistrada.
- d) unha vez por semana.

70. Nos accidentes de traballo no transporte, que mala práctica está asociada máis directamente a queimaduras e asfixia?

- a) Mala colocación da carga.
- b) Desniveis e pendentes no chan.
- c) Quecemento do motor.
- d) Escasa visibilidade no posto de condución.

71. Sinale a opción que non é acorde co mantemento dunhas boas condicións de traballo.

- a) Coidarase a humidade do local de traballo.
- b) Coidarase a iluminación do local de traballo.
- c) Non se debe descansar antes de que transcorran 3 horas de traballo para aumentar a eficacia.
- d) Coidarase o nivel de ruído do local de traballo.

72. Cando o sistema de freos ABS (antiblock brake system) entra en funcionamento permite:

- a) manter o vehículo freado aínda que o condutor solte o freo.
- b) manter o control sobre a dirección e reducir a distancia de freado.
- c) calibrar a intensidade da freada e manter o control sobre as rodas.
- d) reducir a tracción das rodas e a distancia de freado.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

73. Que resistencias interveñen no movemento dos vehículos?

- a) A resistencia aerodinámica, a resistencia á rodadura, a resistencia da distribución e a resistencia á pendente.
- b) A resistencia aerodinámica, a resistencia da distribución e a resistencia á pendente.
- c) A resistencia aerodinámica, a resistencia á rodadura e a resistencia á pendente.
- d) A resistencia aerodinámica, a resistencia á rodadura e a resistencia da distribución.

74. O número de revolucións do motor, inflúe no consumo de carburante?

- a) Si, é maior canto maior é o número de revolucións.
- b) Si, é maior canto menor é o número de revolucións.
- c) Non, o consumo só depende da carga que leve o vehículo.
- d) Non, o consumo só depende do volume do vehículo.

75. Que consecuencias pode ter no verán un aumento da transpiración e deshidratación?

- a) Diminución da fatiga muscular.
- b) Incremento da fatiga muscular.
- c) Diminución da ansiedade.
- d) Aumento do estado de vixilia.

76. Que factores favorecen a aparición de enfermidades cardiovasculares nos condutores profesionais?

- a) A vida sedentaria.
- b) A tensión.
- c) Ningún das anteriores.
- d) As respostas A e B son correctas.

77. Que risco para a conducción aumenta cando aparece a neve na calzada?

- a) Menor adherencia.
- b) Menor visibilidade.
- c) Ocultación dos sinais.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

78. Cando a presión dun pneumático é inferior á establecida polo fabricante, cal das seguintes respostas é falsa?

- a) O vehículo vólvese inestable.
- b) Diminúe a adherencia.
- c) Incrementase o consumo de carburante.
- d) Diminúe a cantidade de carburante necesaria para mover o vehículo.

79. A formación obrigatoria dos condutores profesionais distingue entre:

- a) formación inicial e continua.
- b) formación continuada e final.
- c) formación inicial e final.
- d) formación única e descontinua.

80. O consumo de carburante dun vehículo pesado pode ser maior do normal dependendo:

- a) da montaxe de freos de tambor.
- b) do material do que estea construída a carrocería.
- c) da montaxe de freos de disco.
- d) do mantemento que se realice ao vehículo, o perfil da estrada e as revolucións por minuto do motor.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

81. Que infracción constitúe a manipulación dun tacógrafo dixital ou a alteración do seu funcionamento normal?

- a) Non constitúe infracción, posto que o tacógrafo dixital non se pode manipular.
- b) Leve.
- c) Grave.
- d) Moi grave.

82. Cando está especialmente aconsellado que o condutor evacúe o vehículo?

- a) En caso de choiva.
- b) Cando o vehículo se detivo sobre un cruzamento cunha vía de ferrocarril e non é posible move-lo.
- c) En caso de tormenta.
- d) No caso de que haxa moi pouca luz.

83. A calidade do aceite do sistema de lubricación que se utilice nos motores, pode influír no consumo de carburante?

- a) Non, só inflúe no desgaste das pezas.
- b) Non, só inflúe en que o motor se gripe ou non.
- c) Só naqueles motores que utilizan un sistema de lubricación por mestura.
- d) Si, xa que pode reducir o rozamento das pezas e, por tanto, as perdas de potencia.

84. De arriba cara abaixo, cales son as pezas dun motor colocado en posición vertical?

- a) Tapa de balancines, bloque, cárter, culata.
- b) Tapa de balancines, culata, bloque, cárter.
- c) Bloque, cárter, culata, tapa de balancines.
- d) Cárter, bloque, culata, tapa de balancines.

85. Unha placa na que se inscriba a palabra AUXILIO na parte superior e a figura dun guindastre na inferior, que indica?

- a) Que os ocupantes do vehículo están a ser auxiliados.
- b) Sinaliza o arrastre dun vehículo avariado ou accidentado.
- c) Que o vehículo está avariado.
- d) Que se trata dun guindastre en servizo de auxilio na estrada.

86. Reducir o número de revolucións por minuto do motor dun vehículo pesado permite:

- a) prolongar os intervalos previstos para pasar a inspección técnica periódica.
- b) aumentar os intervalos aconsellados polo fabricante do vehículo en canto ás revisións de mantemento.
- c) reducir o consumo de carburante.
- d) diminuír os intervalos aconsellados polo fabricante do vehículo en canto ás revisións de mantemento.

87. Ten a folla de rexistro do tacógrafo analóxico unha zona onde anotar a data de comezo e fin de utilización da mesma?

- a) Si, pero só para a data de comezo.
- b) Si.
- c) Non.
- d) Si, pero só para a data de finalización.

88. No contarrevolucións dun vehículo pesado existe unha zona marcada, xeralmente, de cor verde, que indica?

- a) É a zona de menor potencia.
- b) É a zona de menor par motor.
- c) É a zona de menor forza.
- d) É a zona de menor consumo.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

89. Á enerxía que posúe un vehículo en movemento denomínase:

- a) potencial.
- b) cinética.
- c) calórica.
- d) química.

90. Que actuación non é unha medida preventiva que é necesario realizar co fin de evitar un incendio?

- a) Poñer os triángulos de preseñalización de perigo mentres esperamos a oportuna axuda.
- b) Revisar frecuentemente a presión dos pneumáticos.
- c) Revisar frecuentemente o estado dos pneumáticos.
- d) Revisar frecuentemente o estado dos freos.

91. Se, coa presión realizada ao frear, as rodas do vehículo permanecen bloqueadas, que debe facer o condutor?

- a) Ir levantando o pé do pedal do freo ata que as rodas volvan virar.
- b) Pisar o pedal do freo a fondo ata que as rodas volvan virar.
- c) Esperar a que o sistema ABS encárguese de desbloquear as rodas.
- d) Dar "volantazos" ata que o vehículo se estabilice.

92. O uso que se realice dos sistemas de freado dun automóbil, pode influír no consumo de carburante?

- a) Si.
- b) Si, sempre que os freos non sexan eléctricos.
- c) Non, xa que os freos só inflúen na distancia de freado.
- d) Non se se utiliza un adecuado sistema de inxección.

93. Que circunstancias da vía condicionan a actitude do condutor?

- a) As condicións meteorolóxicas.
- b) O número de vehículos.
- c) O tipo de tráfico.
- d) Todas as respostas son correctas.

94. De que forma identifícase un usuario no tacógrafo dixital?

- a) Ao introducir as actividades manuais.
- b) Ao facer unha descarga.
- c) Non se pode identificar.
- d) Ao introducir a súa tarxeta.

95. Con que interlocutores internos se relaciona un condutor dunha empresa grande?

- a) Co xefe de tráfico.
- b) Co persoal de taller.
- c) Co persoal de administración.
- d) Todas as respostas son correctas.

96. Se tras un accidente de circulación compróbase que un ferido non ten pulso, deberá practicarse unha masaxe cardíaca combinada simultaneamente con:

- a) a inxesta de líquidos quentes.
- b) a vertedura de auga fría sobre o seu rostro.
- c) as manobras de respiración boca a boca.
- d) a presión sobre as principais veas e arterias.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

97. Que tipo de drogas producen efectos como alteracións sensitivas, perda da noción de tempo e espazo?

- a) Alucinógenos.
- b) Estimulantes.
- c) Depresoras.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

98. Con nivel de circulación vermello por nevada, a velocidade máxima é de:

- a) 30 km/h.
- b) 40 km/h.
- c) 50 km/h.
- d) 60 km/h.

99. Un manexo incorrecto da caixa de velocidades:

- a) non afecta o consumo.
- b) é un factor decisivo para que o consumo aumente.
- c) afecta as curvas de equiconsumo do vehículo.
- d) incrementa o efecto "fading".

100. O consumo dun vehículo para percorrer 100 km, é algo característico do deseño do motor ou depende da forma e estilo de condución?

- a) É característico do motor do vehículo, polo que só depende do seu deseño.
- b) Só depende da forma e estilo de condución.
- c) Depende tanto da forma e estilo de condución como das características do vehículo e o seu motor.
- d) Non depende de ningún dos dous factores mencionados.

Preguntas de reserva (Só se corríxirán se o tribunal anula algunha das anteriores)

101. A medida que aumenta a velocidade:

- a) requírese unha diminución da potencia.
- b) o autobús ten que desprazar menos cantidade de aire no mesmo tempo.
- c) as turbulencias son menores.
- d) o autobús ten que desprazar máis cantidade de aire no mesmo tempo.

102. A presentación do empregado dunha empresa ante un cliente debe iniciarse con:

- a) a acreditación da súa identidade.
- b) a entrega dun folleto publicitario da empresa.
- c) o saúdo.
- d) a investigación das súas verdadeiras intencións.

103. A calidade que percibe o cliente dunha empresa de transporte depende, entre outros elementos:

- a) do trato que recibe por parte do condutor.
- b) da situación xeral do mercado (prezos, competencia).
- c) da organización operativa da empresa.
- d) da formación académica do condutor.

96. Si tras un accidente de circulación se comprueba que un herido no tiene pulso, deberá practicarse un masaje cardíaco combinado simultáneamente con:

a) la ingesta de líquidos calientes.
b) el vertido de agua fría sobre su rostro.
c) las maniobras de respiración boca a boca.
d) la presión sobre las principales venas y arterias.

97. ¿Qué tipo de drogas producen efectos como alteraciones sensitivas, pérdida de la noción de tiempo y espacio?

- a) Alucinógenos.
b) Estimulantes.
c) Depresoras.
d) Ninguna de las respuestas anteriores es correcta.

98. Con nivel de circulación rojo por nevada, la velocidad máxima es de:

a) 30 km/h.
b) 40 km/h.
c) 50 km/h.
d) 60 km/h.

99. Un manejo incorrecto de la caja de velocidades:

- a) no afecta al consumo.
b) es un factor decisivo para que el consumo aumente.
c) afecta a las curvas de equiconsumo del vehículo.
d) incrementa el efecto "fandling".

100. El consumo de un vehículo para recorrer 100 km, ¿es algo característico del diseño del motor o depende de la forma y estilo de conducción?

- a) Es característico del motor del vehículo, por lo que solo depende de su diseño.
b) Solo depende de la forma y estilo de conducción.
c) Depende tanto de la forma y estilo de conducción como de las características del vehículo y su motor.
d) No depende de ninguno de los dos factores mencionados.

Preguntas de reserva (Solo se corregirán si el tribunal anula alguna de las anteriores)

101. A medida que aumenta la velocidad:

- a) se requiere una disminución de la potencia.
b) el autobús tiene que desplazar menos cantidad de aire en el mismo tiempo.
c) las turbulencias son menores.
d) el autobús tiene que desplazar más cantidad de aire en el mismo tiempo.

102. La presentación del empleado de una empresa ante un cliente debe iniciarse con:

- a) la acreditación de su identidad.
b) la entrega de un folleto publicitario de la empresa.
c) el saludo.
d) la averiguación de sus verdaderas intenciones.

103. La calidad que percibe el cliente de una empresa de transporte depende, entre otros

elementos:

- a) del trato que recibe por parte del conductor.
b) de la situación general del mercado (precios, competencia).
c) de la organización operativa de la empresa.
d) de la formación académica del conductor.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Examen: Viajeros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

Fecha: 13-09-2023 16:00 h

Lugar: RUA DE MADRID, 2

88. En el cuentarrevoluciones de un vehículo pesado existe una zona marcada, generalmente, de color verde, ¿qué indica?

